

COMENTARIO SOBRE O TRABALLO DE FERNANDO ALONSO ROMERO REFERIDO AO “PROYECTO DE ESTUDIO SOBRE EL PASADO Y PRESENTE DE LA ISLA DE ONS Y SU PLANEAMIENTO FUTURO”

Por: Celestino Pardellas de Bias

Corrían os anos 70 dos.XX, cando Fernando Alonso Romero e María Castroviejo Bolibar deciden visitar Ons dun xeito investigador co fin de coñecer máis de preto a valiosa cultura popular desta Illa.

Quizais María, xa estivera en Ons da man dos seus pais, Jose María Castroviejo e María F. Bolibar Sequeiros, ou que, xunto cos seus irmáns, xa coñeceran a importancia etnográfica e natural de Ons, grazas ao que lle puidese contar a súa tía M^a Eugenia Bolivar Sequeiros que fóra comadroa en Bueu e Ons, o que puido motivar as ganas de pescudar máis afondo nas súas raíces antropolóxicas xunto con Fernando.

INTRODUCCIÓN

Ons, xa dende principios dos anos 60 s.XX, comezara unha repunta económica interesante. Aínda que seguían vivindo dun xeito moi precario na Illa, os pequenos aforros que foron acumulando deron pé, aos veciños máis poderentes, a empeñarse e aventurarse á compra de barcos a motor que nun principio sen substituír ás dornas, facilitaban a pesca, a mobilidade e, sobre todo, a venda directa nas lonxas que antes facían por medio de intermediarios que eran os que ganaban os cartos.

Isto vai provocar un desaxuste na súa vida cotiá. Os primeiros veciños-armadores teñen que trasladarse a vivir a portos que dean abrigo aos seus novos barcos; o peirao de Ons non daba seguridade, e víanse obrigados a levar unha dobre vida, na Illa e no porto de abrigo. A medida que as ganancias ían a máis, deciden trasladar á familia ao porto base do barco (Bueu foi o elixido pola grande maioría), aparecendo outro atranco financeiro, montar unha nova casa no continente. Pero o bo momento económico que comezaba a vivir o país, facilitou as ganancias e, en pouco, xa estaban instalados, tendo como desvantaxe o deixar a casa illán deshabitada e a mercé das inclemencias meteorolóxicas.

En pouco tempo, un número importante de veciños arriscanse á comprar barco, á vez que tamén, escoitando aos seus conveciños a mellor vida que se leva en terra e, loxicamente, por seguridade do barco, anímense tamén a comprar casa, ou terreos para montala, no continente.

Isto traerá como consecuencia que moitos illáns, aínda que non puideron mercar barco a motor polas súas posibilidades económicas, vense obrigados tamén a buscar vida no porto base do barco no que traballan para non perder o posto de traballo e o seu ritmo económico en crecemento, á vez, que a perda de poboación da Illa traerá como consecuencia a falla de servizos básicos, o que provocará unha emigración forzosa cara ao continente de toda a poboación deixando, a grande maioría, a casa illán sen atender polo alto custo económico que vai traer a nova vida en terra.



Principios dos anos 70 s.XX. Primeiros barcos a motor dos habitantes da Illa de Ons abarloados no peirao nun tranquilo día de verán



Peirao de Ons un día de marusia. O mar chega a cubrilo. Imposible dar abrigo á flota da Illa

HOMENAXE A: Fernando Alonso Romero e María Castroviejo Bolibar

Estes cambios xorden a comezos dos 60 paseniñamente, pero vanse a ver acelerados a partir dos 70. Aínda así, a vida seguía en Ons, como dixen, dun xeito moi precario: moi poucas horas de luz, a potencia non daba nin para manter acendido un frigorífico, sen auga nin baños nas casas, sen saneamento nin servizos mínimos, a escola de Canexol nun estado deplorable, nunca houbo servizo médico, sen medios de comunicación con terra,..., e o peor, os que tiñan gando que facilitaban os labores agrícolas vense obrigados a vender para conseguir cartos para o barco e casa en terra, co que a agricultura sofre un enorme revés, e o peirao non dá abrigo á nova flota de barcos a motor, polo que só queda abandonar e emigrar.

Neste proceso que estaba a vivir Ons neses anos, a administración que a xestiona, Ministerio do Exército, decide deixalo e pasa a mans do *Instituto Nacional de Colonización* (1965). Este organismo vai recibir unha cantidade de cartos para investir na Illa e envía a un dos seus enxeñeiros para que realice un Informe sobre a Problemática Social de Ons. O funcionario fai excelentemente o seu traballo. Pasa unha tempada na Illa convivindo cos seus habitantes e coñecendo de primeira man as súas necesidades. Elabora un primeiro Informe onde fai constar a grave situación na que se atopan os veciños, destacando, entre outras, a necesidade dun novo peirao e buscar unha solución ao tema agrícola. Colonización, vendo a situación exposta moi complicada, manda elaborar un novo Informe a favor de realizar un Centro Cívico en Curro que, agás a escola, durmiron un soño letárxico de inutilidade durante máis de 20 anos.

Despois desta nefasta e inútil inversión, nada máis fixeron para mellorar a vida dos illáns e no ano 1975 pasa a ser administrada polo Iryda. Este organismo segue os mesmos pasos que o anterior, encarga un Informe socio-económico a un grupo de licenciados e, curiosamente, chegan ás mesmas conclusións que o primeiro Informe de Colonización. De nada serviu, o Iryda o único que fixo en catro anos de xestión é un novo Censo das casas. Mentres, os veciños seguían emigrando, as casas deshábíbanse, os campos de cultivo a monte e o peirao sen ter unha solución minimamente satisfactoria para a nova flota.

Neses anos (1975-1979), ao carón dos licenciados contratados polo Iryda, vai vivir en Ons unha antropóloga (Ana Liste) que entronca moi ben cos veciños. Está alí verán e inverno durante dous anos seguidos e intenta levar un diálogo, con ideas e alternativas, coa administración para conseguir melloras sociais, cousa que non foi quen de conseguir.

Tamén neses mesmos anos é cando Fernando e María, van pasar unha longa tempada en Ons, convivindo cos veciños, investigando a súa cultura e conseguindo unha relación case familiar con eles, coque van ver como propios os graves problemas sociais que ten esa Comunidade que estaba desaparecendo, o que lles provocou a necesidade de tomar cartas no asunto e verse na obriga de intervir na procura dunha solución.

De aí xorde un Proxecto onde, coordinados por Fernando Alonso Romero, ían participar un bo número de persoas relacionadas co mundo científico e cultural galego para presentar ao novo Organismo que vai substituír ao Iryda, o **ICONA**.



Casas que ían quedando deshabitadas a finais dos anos 60 e que as inclemencias do tempo na Illa, provocaba o seu rápido deterioro. A falla dun peirao e servizos básicos, obrigou a formar unha nova vida en terra



Casa do barrio de Curro na que viviu Fernando Alonso Romero e a súa dona María Castroviejo Bolibar no ano 1978, mentres realizaban os seus traballos de investigación. Foto: Alonso Romero

HOMENAXE A: Fernando Alonso Romero e María Castroviejo Bolibar

PROXECTO DE ESTUDO SOBRE O PASADO E PRESENTE DA ILLA DE ONS E O SEU PLANEAMENTO FUTURO.

Ante a situación que atopan, Fernando, como coordinador, decide actuar e faino con dous grandes obxectivos:

- a) Realizar un estudo o máis completo posible da Illa e a súa poboación.
- b) Ofrecer ao ICONA, como administrador naqueles anos da Illa, unha alternativa de solución co propósito de evitar os graves problemas que planean sobre Ons. Aínda que presentan 14 temas, resumireinos en 4.

EVITAR:

1º.- Que aumenten o número de campos de cultivo abandonados por falla de man de obra e dificultades para realizar o traballo.

2º.- Que a Illa se converta nun emporio turístico. Que se utilice como base militar. Que se converta nunha reserva de caza. Que se creen industrias contaminantes. Que se utilice como fondeadoiro de petroleiros ou grandes buques. Que se edifiquen hoteis, casinos ou edificios privados.

3º.- Que se converta exclusivamente nunha reserva natural. Que sexa unha reserva de caza. Que se converta nunha paraxe natural abandonada. Que se efectúen repoboacións inadecuadas. Que se explote irracionalmente a riqueza pesqueira e marisqueira.

4º.- Que os actuais habitantes da Illa se vexan forzados a abandonala. Que as súas vivendas teñan unha utilización inadecuada por persoas foráneas. Que se perda a interesante arquitectura mariñeira de Ons.

Estes eran os obxectivos a evitar vistos a grandes trazos, xa que se podería matizar máis cada un deles, que propoñía Fernando e, como se debe facer a nivel técnico, non llos presenta así á administración, sen darlles alternativas, senón que o fai dun xeito profesional e demostrando un enorme afecto e aprecio cara a esta comunidade que a mira abocada á súa desaparición e con ela unha Cultura Popular Única construída durante máis dun século e medio (1810 – 1978) por mor dun triste illamento xeográfico e un lamentable abandono institucional.

Fernando co seu grupo, propón unha serie de alternativas e suxestións ao Icona para atallar o problema.

Con respecto ao punto 1º.- Crear unha Cooperativa entre veciños e o Icona, como actual organismo xestor, para a explotación agrícola e pesqueira. Construción de invernadoiros solares onde poder efectuar varias colleitas. Investigación agrícola entre a Cooperativa e a Universidade ou organismo competente. Axudar ao arranxo, rehabilitación ou reconstrución das vivendas abandonadas no seu momento co fin de buscar unha volta dos veciños e volver a traballar as súas terras. Aqueles que non desexen volverá Illa, intentar chegar a un acordo con eles para que as súas casas e terras pasen a formar parte da Cooperativa. A ser posible, o número de illáns que habiten en Ons, deberá estar en relación cos recursos económicos de que se dispoña. Crearase un consello administrativo para a Dirección da Illa composto por: Presidente, Secretario e Representante do Icona.

Con respecto ao punto 2º.- Comezar a reconstrución das casas deshabitadas, comezando polas do barrio de Curro, dotándoas de auga e rede de sumidoiros. Creación dun Museo Etnográfico, onde se conserven todos os obxectos que foron utilizados antigamente polos veciños, debendo contar cunha biblioteca. Crear un centro Permanente de Cruz Vermella con embarcación adecuada para o salvamento que daría cobertura ás rías de Arousa, Pontevedra e Vigo. Destinar as escolas para a celebración de cursos sobre temática relacionada coa xeografía, historia, ciencia e cultura galega.

Con respecto ao punto 3º.- Prohibir a caza e a destrución da fauna e flora. Construír unha central de aproveitamentos de residuos. Intentar a construción de viveiros de marisco para a investigación e explotación a cargo da Cooperativa.



Ano de 1978, cando aínda se traballaban as terras coa axuda de animais. Terras de Chin, a carón de Area Cans

HOMENAXE A: Fernando Alonso Romero e María Castroviejo Bolibar

Con respecto ao punto 4º.- Ofrecer aloxamento gratuíto a estudantes e profesionais que desexen traballar cos veciños na reconstrución das casas. A Cooperativa, co fin de obter ingresos, podería alugar as casas, que non quixeran utilizar os veciños, a un turismo selectivo que estivera interesado no estudo e coñecemento da Illa. Crear unha zona para cámping para poder durmir na Illa en tenda de campaña, seguindo as normas que se establezan. De non existir prazas no cámping, os visitantes deberán regresar no mesmo día agás as persoas que por amizade ou parentesco podan aloxarse nas casas veciñais. Facilitarase folletos explicativos sobre as características da Illa coas normas de comportamento. Fomentarase a visita con fins educativos a grupos escolares e asociacións.

Como podemos ler, as alternativas eran de grande interese para o momento en que foi exposto e cun plan a cinco ou dez anos, poderían levarse a cabo sen ningunha dificultade. Tamén chama a atención que os licenciados non coñecían o Informe do enxeñeiro de Colonización, Ana Liste tampouco e Fernando Alonso coído que tampouco coñecía eses Informes de Colonización, nin do Iryda, nin o de Ana; sen embargo, todos coincidiron en dar as mesmas alternativas e suxestións á administración.

Que faría o ICONA con ese Informe remitido por Fernando e colaboradores? Pois vou a atreverme a dicir que o mesmo que fan agora a Consellería de Medio Ambiente e Parques cos Informes e suxestións que lles mandamos nós como Asociación, así como os que lles mandan dende as asociacións illáns e doutros colectivos: arquivalo, se é que entra por Rexistro, nunca contestar (de transparencia na administración galega, nada) e facer o que lles cadre e mellor lles conveña, sen contar, como mínimo, cos veciños.

Para levar a cabo o estudo completo da Illa, tiñan pensado un Plan de estudo:

- Parte arqueolóxica. A realizar polo Museo Arqueolóxico da Coruña.
- Estudo a poboación. A realizar polo Colexio Universitario da Coruña.
- Estudo Xeográfico. A realizar pola Sociedade Galega de Historia Natural.
- Flora. A realizar por Santiago Castroviejo Bolibar.
- Fauna terrestre e mariña. Sociedade Galega de Historia Natural.
- Agricultura e Pesca. Universidade de Santiago
- Etnografía. María Asunción Castroviejo Bolibar e outros colaboradores.

Así remataba o Proxecto presentado no ano 1978 ao Icona por Fernando Alonso Romero e colaboradores. No ano 1982 participa nunhas charlas e na súa comunicación remata da seguinte maneira:

“Ben, estas eran as principais propostas que se fixéron no 78 a ICONA. Non sei cales son agora os plans da Administración para o futuro de Ons, mais si sei que Ons, hoxe, en 1982 está despoboada no inverno e que o aspecto xeral da Illa é bastante lastimoso non só polas ruínas que se ven mais tamén polos numerosos campos de cultivo abandonados.

Señores, non se trata de conservar parques zoolóxicos humanos, trátase da necesidade de facer sentir un maior res peito polo que nos é propio. Trátase de sentir maior preocupación polo patrimonio cultural galego. Trátase de actualizar unha cultura sen adulterar as súas características e permitirle así adentrarse no futuro. Señores, o tempo a premia porque os padróns culturais da civilización actual á que antes aludía están transformando o noso pobo dun xeito realmente alarmante. E esta transformación vai ser inclusive mais grande nos próximos anos. Ou nos decidimos dunha vez a coñecer Galicia a fondo ou a xirna a cultura desta terra ficará nun vergoñoso esquecemento”.

Palabras pronunciadas en 1982 e que, por desgraza, son un claro reflexo da actual situación socio-histórico-etnográfico-natural de Ons que, pola falla de estudos e investigacións científicas adecuadas está, por obra e graza das administracións que a xestionaron, na sala de *paliativos*.



As escolas construídas por Colonización e que no ano 1979 quedaron sen mestre ao non haber nenos xa na Illa. Alonso Romero, con moi bo criterio, en 1978 deu a idea de realizar nelas un museo